

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Mércores 22 de xuño de 2022
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS-Teams
- Hora de inicio: 13:00 h
- Asistentes: Adrián Carpenle Viqueira, Cristina Díaz Jullien, Trinidad de Miguel Bouzas, Anuska Mosquera Corral, María del Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: Ramón F. Moreira Martínez, M. Dámaso Rodríguez Fernández.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 1-6-2022.
2. Ratificación da aprobación de cambio de título dunha proposta de TFM.
3. Informes.
4. Tribunais de defensa de TFM na convocatoria de xullo de 2022.
5. Calendario de entrega e defensa de TFM para o curso 2022-2023.
6. Nomeamento de novo membro da Comisión Académica.
7. Asuntos de trámite.
8. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 1-6-2022.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Ratificación da aprobación de cambio de título dunha proposta de TFM.

A alumna Yolanda López Garabato, co acordo das súas titoras, solicitou o troco do seu título orixinal de TFM "Evaluación del potencial de valorización de efluentes residuales de tipo graso para la obtención de bioplásticos" polo seguinte: "Evaluación del potencial de valorización de efluentes residuales de tipo graso para la obtención de biopolímeros". A Comisión aprobou este troco de título polo procedemento de urxencia, con data 13-6-2022.

Ratifícase por asentimento esta aprobación realizada polo procedemento de urxencia.

3. Informes.

3.1) Solicitude de prácticas de campo para o 1º semestre do curso 2022-2023

Está aberto o período de solicitude de prácticas de campo a realizar en materias do 1º semestre do curso 2022-2023. Desde o MEQB remitíronse, de acordo co procedemento estipulado, á Administración da ETSE as solicitudes de visitas ás empresas Bioetanol Galicia (en conexión con materias do Módulo 1), Repsol Coruña e Sotavento Galicia (en conexión con materias do Módulo 2).

3.2) Aprobación efectiva de todas as programacións docentes do MEQB para o curso 2022-2023.

Na reunión da Comisión de data 1-6-2022 aprobáranse en firme a maioría das programacións docentes do MEQB para o vindeiro curso, quedando a aprobación de algunhas condicionada á realización de pequenos cambios. Estes cambios foron realizados polos responsables das correspondentes materias no prazo estipulado, convertendo así en efectiva a aprobación destas programacións docentes.

3.3) Sobre a admisión e matrícula no MEQB para o curso 2022-2023.

O pasado 7 de xuño abriu o prazo de solicitude de admisión, que pechará o 19 de xullo. Paralelamente, figuran xa matriculadas as dúas persoas que foran admitidas ó abeiro da convocatoria anticipada para alumnado con estudos alleos ó Espazo Europeo de Educación Superior.

3.4) Peche de actas do 2º semestre.

O pasado 17 de xuño remataba o prazo para o peche de actas de materias do 2º semestre. Desde o MEQB todas as materias implicadas pecharon a súa acta en tempo.

4. Tribunais de defensa de TFM na convocatoria de xullo de 2022.

Recibíronse 7 solicitudes de defensa de TFM para a convocatoria de xullo de 2022. Proponse a realización das defensas o martes 5 de xullo, distribuídas en 3 tribunais segundo as táboas seguintes:

Tribunal 1			
Presidente	Secretaria	Vogal	Suplente
Ana M. Soto Campos	Eva Rodil Rodríguez	M. Dámaso Rodríguez Fernández	Gumersindo Feijoo Costa

Defensas de TFM – Tribunal 1			
Hora	Alumna/o	Título	Titor(a(s)/es)
9:30-10:00	Jennifer García González	Optimización dun sistema para a valorización de efluentes residuais de tipo graxo mediante a obtención de biopolímeros	Anuska Mosquera Corral, M. Ángeles Val del Río (cot.)
10:00-10:30	Yolanda López Garabato	Avaliación do potencial de valorización de efluentes residuais de tipo graxo para a obtención de biopolímeros	Anuska Mosquera Corral, M. Ángeles Val del Río (cot.)

Tribunal 2			
Presidente	Secretaria	Vogal	Suplente
Juan J. Casares Long	Marta Carballa Arcos	Juan R. Piñeiro Chousa	Diego Gómez Díaz

Defensas de TFM – Tribunal 2			
Hora	Alumna/o	Título	Titor(a(s)/es)
10:30-11:00	Jessica Pérez García	Eliminación do sulfuro de hidróxeno do aire contaminado dunha EDAR urbana mediante un proceso biolóxico	Juan M. Garrido Fernández, José R. Caneda Frade (cot.)

Tribunal 3			
Presidente	Secretaria	Vogal	Suplente
Alberto Arce Arce	M. Ángeles Val del Río	José A. Souto González	M. Sonia Freire Leira

Defensas de TFM – Tribunal 3			
Hora	Alumna/o	Título	Titor(a(s)/es)
11:30-12:00	Raquel Fariñas Mera	Deseño de instalación de calefacción e auga quente para vivenda unifamiliar	Ana M. Soto Campos, Pablo Docampo Rey (cot.)
12:00-12:30	María Gallego Fernández	Análise da sustentabilidade do sector turístico	Sara González García, Pedro Villanueva Rey (cot.)
12:30-13:00	Miguel Moscoso Suárez	Deseño e análise ambiental dunha biorrefinería con bagazo de mazá como materia prima	Sara González García
13:00-13:30	Javiera F. Gutiérrez Espinoza	Capacidade de adsorción de catións de substancias poliméricas extracelulares	Juan M. Garrido Fernández, Marlene D. Roedel von Bennewitz (cot.)

Apróbase a configuración destes tribunais, así como que a defensa a cargo da estudante Javiera F. Gutiérrez Espinoza se desenvolva en modalidade remota a través de MS-Teams ó tratarse dunha estudante ó abeiro do convenio de dobre título coa Universidad de Concepción que realizou o seu TFM na súa institución de orixe.

Acórdase tamén que os titores de TFM académicos suban directamente á secretaría virtual o documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, incluíndo a cualificación outorgada. Nos TFM de empresa, os titores de empresa utilizarán o correspondente documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, pero no seu caso remitirano á secretaría administrativa da ETSE, que despois lle dará traslado ós titores académicos correspondentes.

5. Calendario de entrega e defensa de TFM para o curso 2022-2023.

Os coordinadores do Grao en Enxeñería Química, do Máster en Enxeñería Ambiental e do Máster en Enxeñería Química consensaron unha proposta de calendario harmonizado de entrega e defensa dos TFGs e TFMs das titulacións da ETSE da órbita da área de Enxeñería Química. Para o MEQB, propóñense as seguintes datas:

Convocatoria	Entrega	Defensa	Revisión
Febreiro 2023	Do 19 de xaneiro ó 2 de febreiro de 2023	9 de febreiro de 2023	13 e 14 de febreiro de 2023
Xullo 2023	Do 8 ó 22 de xuño de 2023	10 e 11 de xullo de 2023	13 e 14 de xullo de 2023
Setembro 2023	Do 13 ó 27 de xullo de 2023	6 de setembro de 2023	11 e 12 de setembro de 2023

Apróbase por asentimento esta proposta.

6. Nomeamento de novo membro da Comisión Académica.

Tras o nomeamento do profesor Miguel Mauricio Iglesias como coordinador do módulo 3, e coa súa disposición favorable explícita, propónse o seu nomeamento como membro desta Comisión, dentro da cota de membros do PDI.

Apróbanse o nomeamento deste novo membro da Comisión Académica.

7. Asuntos de trámite.

Con data de hoxe 22-6-2022, e de acordo co protocolo indicado no convenio de dobre título entre o MEQB e a titulación de Enxeñería Civil Bioquímica da Universidad de Concepción (Chile), recoñécéuselle á alumna Javiera F. Gutiérrez Espinoza a materia “Prácticas en Empresa” ó cumprir os requisitos de superación das correspondentes materias no plan de estudos da súa institución de orixe.

8. Rolda aberta de intervencións.

Non hai intervencións.

Sendo as 13:30 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2022.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB